



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/8	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

31 de xullo de 2025

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 20:50

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	NON
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ





76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Alexandre Losada Buide:
«Imposibilidade de asistencia»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Expediente 839/2025. Dación conta resolucións alcaldía dende o N° 2025-0422 ata o N° 2025-0619	
Dase conta das resolucións da alcaldía dende o N° 2025-0422 ao N° 2025-0619.	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes, aprobou as actas das sesión plenarias de datas de 29 de maio e 06 de xuño de 2025.

Expediente 803/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. 3-2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 1

<< Feitos e fundamentos de dereito:

PROCEDEMENTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE PLENO 3/2025.

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

Rexistro	Data facturación	Concepto	Terceiro	Partida orzamentaria	Importe
2025-1030	31/05/2025	Representación da obra A volta no Mundo en 80 notas dentro do Programa de circuío de Teatro Aficionado 2024, o 21/09/2024.	Asociación Cultural Curuxan	334.22699	99,00
2025-	17/06/	Clases de cerámica do mes de decembro 2024	Pilar Iglesias	334.22699	446,





1157	2025		Ares		25
2025-974	20/05/2025	200 MBPS. Conexión internet	Celver Tecnologioc S.L.	920.2200	61,83
		Prezos de entrada a parque acuático de Cerceda no 2024	Concello de Cerceda	341.22502	536,00

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente que existe a c onformidade das facturas de referencia e a Documentación xustificativa por parte dos provedores.

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano 2025, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta “principio de non enriquecemento inxusto” sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

Vista a proposta de resolución PR/2025/660 de 16 de xullo de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE ,cos votos en contra do PP e do do BNG, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver a discrepancia exposta a favor do criterio exposto pola intervención municipal conforme aos argumentos expostos nos antecedentes da presente proposta.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial, levantar o informe de reparo de intervención e por tanto as prestacións executadas, das facturas que se relacionan no Anexo

Rexistro	Data factur	Concepto	Terceiro	Partida orzament	Imp orte
----------	-------------	----------	----------	------------------	----------





	a			aria	
2025-1030	31/05/2025	Representación da obra A volta no Mundo en 80 notas dentro do Porgrama de circuío de Teatro Aficionado 2024, o 21/09/2024.	Asociación Cultural Curuxan	334.22699	99,00
2025-1157	17/06/2025	Clases de cerámica do mes de decembro 2024	Pilar Iglesias Ares	334.22699	446,25
2025-974	20/05/2025	200 MBPS. Conexión internet	Celver Tecnologioc S.L.	920.2200	61,83
		Prezos de entrada a parque acuático de Cerceda no 2024	Concello de Cerceda	341.22502	536,00

Terceiro Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 545/2025. Licenza ou Autorización Urbanística. Bonificación ICIO por Obra de ben catalogado como BIC.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

(ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS.

PRIMEIRO. ANTECEDENTES

- Solicitud nº 2025-E-RE-501 de Angel Sánchez González con NIF 33.329.365 L de bonificación do 75 por 100 do ICIO para a licenza dunha intervencion en inmoables catalogados cun orzamento de 8.100 euros.
- Auqtoliquidiación da taxa por actuación administrativa de licenza por importe de 30,00 euros.
- Certificado de acordo de Xunta de goberno local de 28/05/2025 de concesión a Angel Sánchez González con DNI 33329365L licenza de obra para reconstrución do Hórreo de Camuza sito en Avenida de Lugo, nº 7, S. Xoán de Lagostelle (referencia catastral 0617643NH9801N0001RL).
- Informe da técnica municipal de urbanismo de o proxecto cumpre co disposto na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras no senso de se cumpre o seguinte: “De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, estabécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se





cumpran os seguintes requisitos: Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz. A bonificación será do 75% da cota do imposto.”

SEGUNDO. REGUALCIÓN DA ORDENANZA FISCAL.

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A2 en relación as Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

En concreto o artigo di:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A2.- CIRCUNSTANCIAS CULTURAIS E HISTÓRICO-ARTÍSTICAS

Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

Obras, construcións u instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do Concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa do ARI.

A bonificación será do 75% da cota do imposto.

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A2) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*

Considerando que o importe final da execución da obra foi de 8.100,00 euros, aplicando a ordenanza en canto a bonificacións de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais, a liquidación sería 178,20 euros, a **bonificación do 75%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 44,55 €, sendo a bonificación polo mesmo importe de 133,65 euros.





Vista a proposta de resolución PR/2025/556 de 16 de xuño de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 19 de xuño de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Declarar o especial interese ou utilidade publica da obra da licenza de obra para reconstrución do Hórreo de Camuza sito en Avenida de Lugo, nº 7, S. Xoán de Lagostelle (referencia catastral 0617643NH9801N0001RL).

SEGUNDO. Conceder a Angel Sánchez González con NIF 33.329.365 L, una bonificación do 75% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, para a obra do presente expediente, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Proceder a xerar a liquidación tributaria corresponde polo importe bonificado de 44,55 euros.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 903/2024. Alegacións expediente alteración do inventario municipal de camiños no lugar de Forcas-Parroquia de O Vilar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Alegacións expediente alteración do inventario municipal de camiños no lugar de Forcas-Parroquia de O Vilar. Expte. 903/2024

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

- Solicitud presentada por Jose Perez Santamariña e outros con data 22/03/2023 no que solicitan o cambio do trazado do camiño nº 22_3010 no lugar de Forcas-O Vilar.
- Providencia da alcaldía de data 4/10/2024 de incoación do correspondente expediente para a alteración do inventario municipal de camiños no lugar de Forcas-Parroquia de O Vilar.
- Acordo plenario de data 28/11/2024 aprobouse a modificación puntual do trazado do camiño nº 22_3010 no lugar Forcas-O Vilar.
- Anuncio publicado no BOP de Lugo de data 7/12/2024.
- Alegacións presentadas por Servando Cabado Barral con número de rexistro de entrada





2025-E-RC-9 de data 3/01/2025.

- Informe de resolución de alegacións do técnico de medio ambiente de data 15/05/2025 no que se conclúe:

« - Aceptar as alegacións presentadas por Servando Cabado Barral, xa que non se conta coa súa aceptación expresa do cambio de trazado proposto do camiño 22_3010, polo tanto non procede a aprobación definitiva da modificación do trazado do mesmo.

- Propoñer o órgano competente, o inicio dun expediente de investigación co fin de determinar se o camiño 22_3010 é unha serventía de paso ou de carácter público, no caso de que sexa este último levar as cabo as correspondentes accións para determinar o seu verdadeiro trazado en planta e a recuperación do mesmo se fose preciso.»

- Informe do secretario municipal de data 19/06/2025.

Considerando o disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Considerando o disposto nos artigo 21, da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

Vista a proposta de resolución PR/2025/680 de 22 de xullo de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo

Primeiro. - Admitir e estimar as alegacións presentadas por don Servando Cabado Barral con data 3/01/2025.

Segundo.- Deixar sin efecto o acordo plenario de data 28/11/2024.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados/as.>>

Expediente 751/2025. Festivos Locais para o ano 2026.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Festivos locais para o ano 2026 no Concello de Guitiriz. Expte: 751/2025

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia con data entrada 26/06/2025 e RE nº 5608, no que solicitan envío de proposta do Pleno ou do órgano competente na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro





ano 2026 co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución.

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

Vista a proposta de resolución PR/2025/651 de 14 de xullo de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo

PRIMEIRO.- Designar como días de festa local para o ano 2026, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

1º. Martes 17 de febreiro (martes de Entroido).

2º. Luns 14 de setembro.

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL	
Non hai asuntos	
C) ROGOS E PREGUNTAS	
Expóñense os rogos e preguntas que se recollen na video-acta	
Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audioovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:	
SHA512 -	
31bcbe988a9fe51aea165c3d3758917246cfaec2a5fc4d0451de8d02cae24afc7e3e800c7d52a83bee2ba5fc15001eab5cdbe860951bd1280a007b63a49ba458	





O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:

<https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?>

id=YjJIMWI2NTUtNzc3Ny00ZDI1LWE2NzYtYzI1YTQ1YTc2ZDg0

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

